

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

3371 *Real decreto 214/2014, do 28 de marzo, polo que se modifica o Regulamento da Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional, aprobado polo Real decreto 496/1987, do 18 de marzo.*

O Consello de Administración do Patrimonio Nacional é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica e capacidade de obrar que depende organicamente da Presidencia do Goberno, a través do Ministerio da Presidencia, e cuxos fins comprenden a xestión e administración dos bens e dereitos que conforman o patrimonio nacional.

O seu réxime xurídico establéceno a Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional, e o Real decreto 496/1987, do 18 de marzo, polo que se aprobou o regulamento da mencionada lei, modificado polo Real decreto 600/2011, do 29 de abril.

Este regulamento que agora se modifica conta, como antecedentes máis inmediatos, coa Orde do 4 de abril de 1942, pola que se aproba o Regulamento do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, e o Real decreto 1412/1986, do 28 de xuño, polo que se determina a estrutura orgánica da Xerencia do Patrimonio Nacional; os cales foron derogados coa súa entrada en vigor.

A modificación que realiza este real decreto ten como finalidade primordial adaptar a estrutura organizativa do Consello de Administración do Patrimonio Nacional a unha situación definida pola preparación e próxima apertura do Museo das Coleccións Reais (prevista para o ano 2016), que comporta a necesidade de revisar a política de xestión das ditas coleccións e a adecuación da entidade aos requirimentos de diversa natureza que a preparación do museo implica. Así, a necesidade de realizar unha xestión integral dos bens mobles de carácter histórico-artístico que constitúen as corenta e unha coleccións reais, así como a futura apertura do Museo das Coleccións Reais no complexo do Palacio Real como expoñente estable da excelencia e máxima relevancia dos fondos que compoñen as coleccións citadas, fai que cumpra modificar de novo o Real decreto 496/1987, co fin de dotar o Consello de Administración do Patrimonio Nacional da estrutura adecuada para a dita xestión.

Esta modificación, que afecta o capítulo III do título VI, establece unha nova redacción dos artigos 80 a 84, suprime o contido do artigo 85 e establece unha disposición adicional única.

En concreto, a nova redacción do artigo 80 unifica e actualiza a redacción dada aos artigos 80 e 81 polo Real decreto 600/2011, do 29 de abril, da que cabe destacar o mantemento de catro direccións dependentes do conselleiro xerente, de entre as que desaparecen a Dirección de Bens Histórico-Artísticos e a Dirección de Imaxe, Promoción e Desenvolvemento, que son substituídas pola Dirección das Coleccións Reais e a Dirección de Inmobles e Medio Natural.

No que se refire ao novo contido do artigo 81, este pasa a recoller as competencias da Dirección de Administración e Medios, á cal se lle atribúen novas funcións como consecuencia da desaparición da Dirección de Imaxe, Promoción e Desenvolvemento.

Por outro lado, o artigo 82 recolle, coa súa nova redacción, as competencias da Dirección das Coleccións Reais que, ademais da xestión do conxunto dos bens mobles histórico-artísticos do patrimonio nacional, será responsable da dirección científica e técnica, así como da xestión do Museo das Coleccións Reais.

Coa modificación do artigo 83 establécense as competencias da nova Dirección de Inmobles e Medio Natural, que pasa a ser responsable da xestión de todos os inmobles e espazos naturais adscritos ao patrimonio nacional.

En canto á nova redacción do artigo 84, actualiza as competencias da Dirección de Actos Oficiais e Culturais, que ve ampliadas as súas funcións debido á desaparición da Dirección de Imaxe, Promoción e Desenvolvemento, motivo polo que tamén se suprime o contido do artigo 85.

Finalmente, a disposición adicional única fai referencia ao persoal directivo. Os titulares das direccións terán a consideración de persoal directivo, de acordo co disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e serán desempeñados por persoal funcionario de carreira pertencente aos corpos ou escalas do subgrupo A1, aínda que, excepcionalmente, os postos de traballo dos titulares das direccións de Coleccións Reais, de Inmobles e Medio Natural e da Dirección de Actos Oficiais e Culturais poderán ser ocupados por persoal laboral mediante contrato laboral especial de alta dirección.

O Consello de Administración de Patrimonio Nacional emitiu informe favorable sobre este real decreto o 21 de maio de 2013.

Na súa virtude, por iniciativa da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de marzo de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento da Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional, aprobado polo Real decreto 496/1987, do 18 de marzo.*

O Regulamento da Lei 23/1982, do 16 de xuño, reguladora do patrimonio nacional, aprobado polo Real decreto 496/1987, do 18 de marzo, na súa redacción dada polo Real decreto 600/2011, do 29 de abril, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 80 queda redactado do seguinte modo:

«1. O Consello de Administración do Patrimonio Nacional estrutúrase nos seguintes órganos, todos eles organicamente asimilados ao nivel de subdirección xeral, dependentes do conselleiro xerente:

- a) Dirección de Administración e Medios.
- b) Dirección das Coleccións Reais.
- c) Dirección de Inmobles e Medio Natural.
- d) Dirección de Actos Oficiais e Culturais.

2. Ademais, para a xestión ordinaria dos bens e dereitos do patrimonio nacional, establécense delegacións nos reais sitios de La Almodaina, Aranjuez, El Pardo, San Ildefonso, San Jerónimo de Yuste e San Lorenzo del Escorial, así como unha delegación para os reais padroados.

3. As funcións de dirección, coordinación e control inmediato das direccións e delegacións referidas nos números anteriores serán exercidas polo conselleiro xerente, baixo a superior dirección do Consello de Administración do Patrimonio Nacional e do seu presidente.

4. Están adscritos á Xerencia do Patrimonio Nacional, coas funcións que lles atribúen as disposicións vixentes e sen prexuízo da súa dependencia dos ministerios de Xustiza e de Facenda e Administracións Públicas, respectivamente, os seguintes órganos, con nivel orgánico de subdirección xeral:

- a) a Avogacía do Estado e
- b) a Intervención Delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado.»

Dous. O artigo 81 queda redactado da seguinte forma:

«1. Corresponde á Dirección de Administración e Medios o exercicio das seguintes funcións:

a) A planificación, desenvolvemento e xestión dos recursos humanos, a formación e a acción social, a dirección da negociación colectiva e o servizo de prevención de riscos laborais.

b) A preparación do anteproxecto de orzamento do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, a tramitación das súas modificacións e o seguimento da súa execución, así como as mesmas funcións respecto aos orzamentos dos reais padroados.

c) A xestión económica e financeira de ingresos e gastos do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, así como a tramitación dos contratos, de acordo co texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

d) A planificación e execución de plans en materia de tecnoloxías da información e da comunicación, a coordinación de tales actuacións, así como a elaboración e actualización do rexistro de bens e recursos informáticos.

e) A elaboración e actualización permanente do inventario xeral, así como a tramitación dos expedientes de afectación e desafectación dos bens e dereitos que forman parte do patrimonio nacional e a preparación das correspondentes propostas.

f) A actualización permanente do rexistro dos bens mobles que non teñan carácter histórico-artístico, así como dos demais bens e dereitos que non correspondan a outro rexistro do patrimonio nacional.

g) O réxime interior dos servizos xerais, a xestión das subministracións e a dirección e coordinación dos servizos de información, rexistro e documentación.

h) O deseño e desenvolvemento da estratexia de comunicación, difusión e promoción do patrimonio nacional, para o cumprimento dos fins e obxectivos que prevé a súa lei reguladora.

i) O deseño e desenvolvemento da estratexia comercial, así como a xestión de patrocinios ou contribucións de mecenado cultural.

j) A coordinación da atención ao visitante nos museos do patrimonio nacional.

k) A realización de calquera outra actuación que lle encomende o conselleiro xerente e que non estea atribuída a outras direccións, dentro do ámbito do presente regulamento e de acordo coa normativa aplicable.

2. Corresponde ao responsable da Dirección de Administración e Medios a suplencia do conselleiro xerente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.»

Tres. O artigo 82 queda redactado da seguinte forma:

«1. Corresponde á Dirección das Coleccións Reais o exercicio das seguintes competencias:

a) A xestión integral dos bens mobles de carácter histórico-artístico que constitúen as coleccións reais, as bibliotecas reais e os arquivos históricos adscritos ao patrimonio nacional, así como a actualización permanente do inventario dos ditos bens.

b) A dirección científica, técnica e de xestión do Museo das Coleccións Reais.

c) A conservación e restauración dos bens contidos na letra a).

d) A investigación histórica, artística e cultural de todos os bens integrantes do patrimonio nacional e a catalogación e documentación dos bens contidos na letra a).

e) A presentación e exposición pública dos bens contidos na letra a).

f) A dirección e programación das exposicións temporais.

g) A xestión dos préstamos para exposicións e os depósitos de obras solicitados por outras institucións.

h) A dirección científica e coordinación dos proxectos de investigación e as publicacións de contido histórico e artístico sobre as coleccións reais e os reais sitios.

i) A elaboración dos contidos científicos, educativos e de difusión de carácter histórico e artístico relacionados coas coleccións reais e os reais sitios.

j) A proposta de adquisición de bens mobles, fondos documentais e fondos bibliográficos de interese histórico ou artístico.

2. A Dirección das Coleccións Reais leva indisolublemente unida a Dirección do Museo das Coleccións Reais. Por isto, o responsable desta dirección poderá utilizar, indistintamente, os cargos de director das Coleccións Reais e director do Museo das Coleccións Reais. »

Catro. O artigo 83 queda redactado da seguinte forma:

«Corresponde á Dirección de Inmobles e Medio Natural o exercicio das seguintes funcións:

a) A rehabilitación, restauración e mellora, así como actuacións de conservación e mantemento de bens inmobles.

b) A conservación, restauración e exposición ao público de elementos pictóricos ou escultóricos incorporados a edificios ou situados en parques e xardíns, en coordinación coa Dirección das Coleccións Reais.

c) A conservación, a execución de proxectos científicos e a mellora dos xardíns, parques, montes e fauna, así como a xestión dos espazos naturais, de conformidade cos plans de protección ambiental aprobados polo Goberno, por proposta do Consello de Administración do Patrimonio Nacional.

d) A explotación comercial de inmobles.

e) A actualización permanente do inventario e a administración e xestión dos bens inmobles integrados no patrimonio nacional.»

Cinco. O artigo 84 queda redactado da seguinte forma:

«Corresponde á Dirección de Actos Oficiais e Culturais o exercicio das seguintes funcións:

a) A planificación, organización operativa e desenvolvemento dos actos oficiais e programas culturais de Patrimonio Nacional, así como a coordinación dos distintos órganos e unidades do organismo e outras institucións intervinientes para a celebración de actos de carácter institucional no ámbito das competencias do Patrimonio Nacional.

b) A supervisión dos espazos dos palacios reais e demais inmobles xestionados por Patrimonio Nacional expostos ao público.

c) A xestión de espazos para eventos públicos e privados.

d) A custodia e mantemento dos bens en uso para os actos oficiais e culturais ao servizo da súa execución.»

Seis. O artigo 85 queda suprimido.

Sete. Engádese unha disposición adicional única co seguinte texto:

«Os titulares dos postos recollidos no artigo 80.1 terán a consideración de persoal directivo, de acordo co disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público.

Os ditos postos de traballo serán desempeñados por persoal funcionario de carreira pertencente aos corpos ou escalas do subgrupo A1.

Non obstante, excepcionalmente, os postos de traballo dos titulares das direccións de Coleccións Reais, de Inmobles e Medio Natural e da Dirección de Actos Oficiais e Culturais poderán ser ocupados por persoal laboral mediante contrato laboral especial de alta dirección.»

Disposición adicional única. *Supresión de unidades orgánicas.*

Quedan suprimidas as seguintes unidades:

1. Dirección de Conservación de Bens Histórico-Artísticos.
2. Dirección de Imaxe, Promoción e Desenvolvemento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO